

VIDAS DE PLASTILINA

Miro o teu retrato e os latexos destempéranseme. O teu recordo amósaseme como un vencello atordado, meu amor nunca esquecido.

Quero entrar no soño, pero este chíó nos adentros non me deixa.

Pestanexo adoecida. Ás apalpadas búscote no baleiro desta cama que quedou sen compañeiro. Belíscome para espertar do soño eterno no que estou fundida.

Busco probas da túa corporeidade, pero ti non volves. Imprudentemente te me amosas en cada pesadelo. O surrealismo delirante espértame cada amencer. Non atopo labirinto nin fuxida, só o cárcere destas catro paredes que me asfixian.

A luz falsa dos farois alumea o meu desacougo nocturno. A inmensidade do baleiro é unha mesta nube de pigmentos viscosos que me envolve. Sinto o rechouchío da angustia relándome os miolos, unha explosión de cotovías nas trabes da tristura. Opacidade de ilusións absurdas.

Meu amor mariñeiro que partiches hai seis meses e aínda segues ausente. Xa non son quen de soportar a incerteza da túa ausencia, a eternidade da túa espera incerta.

Como un boneco autómatas camiñas polo mar. Es a proxección dos meus soños, pero ti non o sabes. Como un ser alleo a min deambulas polos teus días, esculcando os miolos do perigo, masaxeando os nocellos esqueléticos das ondas do mar bravío, que como unha enredadeira protectora envolve o teu corpo.

E mentres eu sigo aquí, embarullada cos meus pensamentos, engulida polos negros presaxios, na tolemia desta casa espida de ti. Eu sigo aquí, no cerne da desolación onírica, detendo o paso das horas co teu recordo, destinándote a unha aperta escura e silandeira, broslando aturuxos de anguria que me rediman da túa ausencia.

Agatuño a realidade nos mil rezos que lle ofrezco ao cabaleiro dos mundos derradeiros.

Inocente de min, que sigo os xogos que me marca o imperio do silencio.

Encho o maxín de símbolos escépticos, e ti, no atrezzo dos meus soños, chíscasme un ollo tinguído de esperpentos...

O REGRESO

Este será o teu libro, para que ti nunca o saibas

MARÍA LADO

Dentro dunhas horas abrazareime no teu peito. Apenas puiden durmir nada. O desvelo mesto desta noite abrazoume as entrañas.

Derreto co peite a bravura destes cabelos tortos e delinea os beizos co carmín máis vermello que puiden conseguir.

Camiño pola rúa cara ao porto. Aínda é de noite. O maleficio das luces asasina as aveláñas, mentres os excesivos escotes dos carteis publicitarios namoran as miñas ansias consumistas. O pobo amence bañado en luces como unha impúdica prostituta que desfila ante un grande escaparate. O tráfico semella unha xungla polarizada, encriptada en aparencias de sublime escarnio.

Transitei máis de seis meses polos recunchos da nostalxia, e hoxe por fin poderei debruzarme extasiada no oasis da túa compañía.

Doulle de comer ás miñas pequenas doses de esperanza antes de chegar ao porto. Mido a ledicia do meu peito e sinto que a vida (antes allea a min), esvara agora polos meus poros recién nacidos.

As escenas dos teus abrazos rechouchían famentas no meu maxín, subversivas e transparentes, mentres os saloucos do corazón arrecenden como bolboretas mergulladas en Channel número 5.

Ao lonxe achégase un barco. Presinto que es ti, meu amor de rostro eterno, que retornas ao meu regazo, ao meu ventre de compañeira que tantas veces che arrolou.

Os salaios, inzadas burbullas que me alumean, apreixan a miña razón.

As representacións oníricas e bucólicas colléronme moito apego nestes seis meses.

Tanto, que devenen por bicar as miñas entrañas.

Recito nostalxias rebozadas en esperanza, mentres o teu recordo peta en min, como un nobelo de la mesto e afiado.

O ABRAZO

A eternidade estarrícase nunha cama de feltro, cando os teus ollos se pousan en min. Co teu traxe de augas, co que te desindividualizaron como home e che apreixaron como mariñeiro, dedícasme o teu sorriso aséptico, verde escuro. Debrúzaste amnésico sobre o meu contorno, tentando afacerte á nova realidade que che agarda tralo manto azul do mar.

Desfaste do traxe de irrealidade que che envolveu durante tanto tempo e tentas cadrar a túa nova vida entre as catro paredes desaliñadas do meu cuarto.

Errante peregrino, equilibrista no gume das horas, abrázame de novo, que sinto a friaxe da túa ausencia.

Nos primeiros momentos vou turrando da conversa. Pesa moito. Cústame arrincala.

Quero hipnotizarche cos meus beizos sanguinarios, pero como un valente toureiro esquivas as miñas arremetidas. A liana dos meus brazos apértache contra o meu calor mentres che aprisionan as crípticas atraccións do meu agarimo.

Noto a ambigüidade nos teus abrazos mariñeiros e aínda afastados, cubertos de tenrura ávida ausente.

Un abrazo dúctil e brillante mantennos unidos. Apenas un reflexo de paixón que brota en min. Cravo gargalladas difíciles cando coxegueas o meu abdome de espellismos murchos. As túas mans son colibrís estraños que me acariñan, tan inertes como aquel noso primeiro encontro.

Alapareas emocionado mentres o corazón se me acende no peito. Borboriñas verbas cálidas mentres bicas a miña entreperna (fervenza de praceres que me asulagan).

Eu amaba a caricia efémera dos teus beizos, durmía no bico da espera do teu regreso.

Fico queda como unha madame Bovary esquecida e abro as miñas entrañas como unha maceira en flor se entrega aos abrazos da primavera.

O misterio do pracer asulágame as entrañas mentres a acuarela do teu corpo retrata en min amenceres que xa tiña esquecidos.

COMEZO

Porque es o tempo e o teu nome
e non había roteiro antes dos teus pasos.

XOSÉ M. MILLÁN OTERO

Con cada retorno sinto que comezo de novo a vivir. Debo volver a aprender a compartir os teus agarimos, a túa compañía.

Degoláchesme a soidade, co desvarío das túas mans de aceiro derretido. Pulverizaches as reixas de ferro que protexían o meu corazón endurecido.

Adorno as paredes da casa coas miñas melodías de ledicia, cos novos cantos mornos que ti me ensinaches.

Cada noite les na miña pel os criptogramas que a idade vai trazando en min. Cada nova engurra non queda allea a ti.

Experto lector da miña epiderme, es quen de traducir a miña celulite a distintos idiomas. Non che custou moito adaptarte ás corredoiras do meu corpo xa esquecido de xuventude.

Trala comida percorremos os carambelos das nosas vidas alleas durante seis meses, fitándonos aos ollos.

O valse da vida arrólanos polas súas badaladas agridoceas e enigmáticas. O transcorrer dos días é unha costureira que dá puntadas azarosas, o alancar das horas mergulláanos nos eidos dos sorrisos, mentres empreñan as córneas dos nosos ollos embriagados de amor.

A complicidade estarrícase nas catro paredes do cuarto. Os vagalumes das noites eternas de paixón escintilan na miña alma.

Pero pouco a pouco ascendemos inxenuos polo candor dos penedos da partida...

Unha sementeira de suspiros anuncia o día da partida, o día no que as andoriñas desnortadas do meu maxín acorarán na súa propia insolencia arrolándose nun amargo soño do que tardarei outros seis meses en espertar.

A PARTIDA

Acariño a calor da túa man emigrante antes de que os teus beizos me biquen por última vez. As sombras delinean a miña ledicia destas semanas pasadas e os desvaríos invaden a miña alma. A fragilidade das miñas bágoas esnaquízame as meniñas mentres penduro os recordos das ás das andoriñas que foron despedirte. O ventre, silencioso e imposible, agarima a cinsenta realidade.

Fungar de rumorosos na partida. Desátase o negrume no ceo murcho de soidades. A miña epiderme anhelante agárdache, meu amor eterno.

Perfeccionarei o vicio da espera na túa ausencia. Desgastarei os meus días debuzada nos teus recordos. Destriparei os meus días de soidade a carón do frío do meu cuarto (o noso refuxio das soidades).

Eu, como madame Bovary destronada, como musa dunha ópera desafinada, mato o veneno da espera pronunciando o teu recordo ente os meus beizos. Construirei coa miña arte malpocada as bágoas que nos unan na distancia, salgando os meus beizos feridos.

Esculpirei o teu tenro ollar tralos cristais das ventás borrachas de choiva, pintando a placenta deste ser que xa levo dentro das entrañas, en homenaxe aos teus últimos abrazos.

Neste lenzo, agora cheo do meu ventre, invento algoritmos para non esquecerte, proxecto burbullas de agarimo, transparentes, para que o recendo da túa imaxe volva a min, para apreixar as apertas do destino que nos afasta.

Quedei desherdada dos teus bicos e tentarei romper o maleficio da túa ausencia.

Volverei coleccionar as túas olladas murchas, lamber lembranzas, notar os efectos da adición que ti me provocas.

Día a día os meus beizos irán reconstruíndose e os meus anceios dilatándose. A apócema de felicidade que me proporcionou este verme que levo cravado no ventre farame revivir.

Introduzo o teu pensar nos pasadizos do meu día a día *sui generis*.

Decido soltar o teu recordo, as túas apertas malpocadas. Mansas as meniñas, pasan páxina.

Nesta mesta vida de plastilina, que ti modelas ao teu antollo, refúxiome no anonimato desta dor matizada de lembranzas. Non podo ir contra do devir da forza do destino, que traza a nosa vida na inocua brancura do papel.

Frixa folerpas de nostalxia, mentres me agocho no alpendre dos meus soños.

